

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARTEIXO

Servicios Técnicos Área de Obras

Convocatoria para o pago e levantamento de actas de ocupación dos bens afectados polas actuacións para a ordenación de espazo libre na Travesía de Pastoriza. Arteixo

EXPEDIENTE: 2024/U040/000001

Pago importe expropiación e levantamento de actas de ocupación no Concello de Arteixo.

En cumprimento do disposto no artigo 49 do Regulamento da Lei de Expropiación Forzosa, a Xunta de Goberno Local do Concello de Arteixo, en sesión ordinaria celebrada o día 24 de xullo de 2024, acordou convocar aos titulares dos bens e dereitos afectados polo expediente de expropiación incoado para levar a cabo as **actuacións necesarias para ordenación de espazo libre na Travesía de Pastoriza. Arteixo.**

O devandito acto terá lugar:

Termo municipal de Arteixo

Lugar: Departamento de Obras do Concello de Arteixo, Travesía de Arteixo, 249 – 3º Andar.

Data: o día 03 de Setembro de 2024, as 10:00 horas

Co fin de proceder ao pago do importe da valoración establecida pola ocupación dos bens e dereito afectado.

O pagamento efectuarase polo Pagador deste Concello aos propietarios das fincas.

A relación de persoas convocadas é a seguinte:

PARCELA CATASTRAL	NOME OU RAZÓN SOCIAL
3482323NH4938S0001EA	Souto Lozano, José Antonio Banco Bilbao-Vizcaya Argentaria, S.A.

O presente acordo faise público, para xeral coñecemento, advertindo aos titulares que o pagamento farase precisamente aos que figuren como donos da cousa ou titulares do dereito expropiado, non admitíndose representación senón por medio de poder debidamente autorizado (notarial, xudicial ou do consulado), xa sexa xeral ou particular para este caso, debendo achegar a documentación necesaria para acreditar a sucesión en caso de figurar o terreo a nome de herdeiros; e que deberán identificarse co Documento Nacional de Identidade.

Así mesmo comunícaselle que deberán comparecer ao acto xuntando as escrituras de propiedade das fincas.

No suposto de non comparecer ou non poderse efectuar o pagamento ós titulares, procederase á consignación do importe na Caixa Xeral de Depósitos.

Coincidindo co acto de pagamento, procederase ao levantamento da acta de ocupación correspondente.

O pagamento ou depósito do importe da valoración establecida producirá os efectos previstos nos números 6, 7 e 8 do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, sen prexuízo de que continúe a tramitación do procedemento para a definitiva fixación do xusto prezo.

Arteixo, 1 de agosto de 2024

O Alcalde,

Fdo.: D. José Antonio Calvelo Añón.

Concelleiro delegado de Medio Urbano e Medio Rural.

(PD.Decreto 2027/2023 de 21 de xuño)